

25 de novembro
Día Internacional
da Eliminación da Violencia
contra a Muller

Súmame ás accións
que se van levar a cabo na túa
cidade e na túa empresa!

**ESIXE OS
TEUS DEREITOS**

MÁIS EMPREGO
MÁIS IGUALDADE
MÁIS CORRESPONSABILIDADE

VOTA

CCOO DE INDUSTRIA DE GALICIA

C/ María, 42, baixo. Ferrol - A Coruña

Tel. 981 369 323 - 981 369 300

www.industria.ccoo.es/galicia

twitter: @Industria_CC00

**COMBATER A VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES
FÓRA E DENTRO DA EMPRESA,
COMPROMISO DE CCOO**

A violencia contra as mulleres é un problema social que require, para eliminalo, múltiples cambios nas relacións das persoas, baseadas no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade entre mulleres e homes.

As mulleres non só sofren a violencia no ámbito privado. Nos centros de traballo prodúcese o sistema de relacións da nosa sociedade, con consecuencias terribles na saúde e o desenvolvemento profesional da traballadora. É responsabilidade do conxunto da representación legal dos traballadores e traballadoras establecer e desenvolver os mecanismos necesarios para previr e combater a violencia machista, tanto fóra como dentro da empresa, utilizando e creando ferramentas que permitan unha maior intervención sindical.

*Por «violencia contra a muller» enténdese todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada.

CCOO
industria

A VIOLENCIA MACHISTA NON SE DÁ SÓ NO ÁMBITO PRIVADO

COMO COMBATE CCOO A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES NO CENTRO DE TRABALLO?

- Negociando medidas e protocolos para a prevención e actuación ante os casos de acoso sexual, acoso laboral, acoso por razón de sexo.
- Informando o cadro de persoal dos protocolos negociados, facéndolles o seguimento e velando pola súa aplicación.
- Informando as traballadoras dos dereitos recollidos na LO 1/2004 de protección integral das vítimas de violencia de xénero.
- Vixiando o cumprimento da LO 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Negociando plans de igualdade, facéndolles o seguimento e avaliación.
- Promovendo campañas de sensibilización nos centros de traballo.
- Asesorando as traballadoras vítimas de violencia de xénero.

GARANTÍAS PARA AS TRABALLADORAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NEGOCIADAS NALGÚNS PLANS DE IGUALDADE

- Asistencia médica ou psicolóxica á vítima de violencia de xénero ou fillos/as menores a través dos servizos médicos da empresa, propios ou externos.
- As saídas durante a xornada de traballo á comisaría, servizos asistenciais ou xulgados terán a consideración de permisos retribuídos.
- Axudas económicas para gastos de alugamento que se xeren nos casos en que a vítima de violencia de xénero se vexa obrigada a abandonar temporalmente o domicilio habitual.
- Colaboración cos gastos que se produzan como consecuencia da necesidade de cambiar de colexio menores a cargo.
- Traslado do agresor cando traballe no mesmo centro da vítima.
- Flexibilidade de criterios para a concesión de préstamos ou anticipos.
- Convenios co Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade para promover a sensibilización sobre a violencia de xénero, contratando mulleres vítimas de violencia.
- Permiso retribuído de varios meses se for necesario o afastamento.
- Retribución a xornada completa ás persoas afectadas pola redución de xornada.
- Mellora e garantía de dereitos económicos, acumulación do tempo de xornada, elección de vacacións, flexibilidade horaria, etc.

DEREITOS LABORAIS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO RECOLLIDOS NA LEI

- Redución da xornada laboral.
- Reordenación do tempo de traballo.
- Cambio de centro de traballo con reserva de posto durante os seis primeiros meses.
- Suspensión da relación laboral de ata 18 meses con reserva de posto de traballo, o que se considerará tempo de cotización efectiva e situación de desemprego involuntario.
- Extinción do contrato de traballo con dereito á prestación por desemprego, pasando á situación legal de desemprego.
- Non teñen a consideración de falta de asistencia ao traballo as ausencias motivadas pola situación física ou psicolóxica da traballadora a consecuencia da violencia de xénero.
- O despedimento ou extinción do contrato polo empresario será nulo de se producir con ocasión do exercicio da vítima de violencia de xénero dos dereitos citados.

Desde CCOO de Industria reiteramos o noso apoio á Lei 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, aínda que seguiremos exixindo que se corrixan carencias importantes na aplicación da norma e que fan necesario:

- Mellorar o asesoramento previo e a asistencia xurídica especializada e gratuíta durante todo o proceso xudicial, atención, apoio psicolóxico e explicación clara dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Fortalecer a coordinación e colaboración de todas as administracións.
- Reforzar as accións en sensibilización e formación especializada de carácter máis integral dirixidas aos operadores xurídicos (avogacía, xudicatura, fiscalía).
- Impulsar a aplicación das medidas e bonificacións relativas ao fomento do emprego e do programa de acción específico de inserción sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Aplicar a normativa igualitaria para combater o sexismo e favorecer a formación inicial e permanente do profesorado; promover a sensibilización na infancia e adolescencia, contribuíndo aos necesarios cambios en valores e actitudes sociais imprescindibles para a erradicación de todas as formas de violencia.

